



Estimadas familias:

Acaba de dar comenzo un curso que vai suponer un reto para toda a comunidade escolar. Agardamos que coa colaboración de todos poidamos completar un curso sen máis sobressaltos que os que xa sufrimos no remate do curso pasado. Na anpa Alén estaremos, unha vez máis, á vosa disposición para poder facernos eco de todas aquelas suxerencias, reclamacións, etc... que axuden a mellorar a convivencia e a actividade diaria no centro.

A semana pasada tivo lugar unha reunión da directiva da anpa na que se adoptaron unha serie de acordos que procedemos a comunicar:

1. Debido á pandemia, o local da anpa vai permanecer pechado. Manteremos o noso servizo de atención e información tanto no correo electrónico anpaalen@gmail.com como no teléfono da presidenta Chus López Haz 677 79 13 34.
2. Suspensión indefinida das actividades organizadas pola anpa. A evolución da pandemia non permite que se den as condicións para que, ao igual que o ano pasado, poidamos desenrolar obradoiros e actividades extraescolares coas máximas condicións de seguridade sanitaria. Iso sí, estamos abertos a recibir suxerencias para poder realizar algún tipo de acto/actividade alternativa que, respetando os protocolos sanitarios, se puidese desenrolar.
3. Debido á paralización da actividade este ano non se vai a cobrar o carné de asociado. Só aboarán os 15 euros da cota anual aqueles que se fagan socios por primeira vez. Deste xeito garantimos que todos e todas as que disfruten das vantaxes do carné de socio o fagan en condición de igualdade. Informamos a aqueles que inda non están asociados que o poden facer contactando coa Anpa no correo ou teléfono indicados no punto 1. O carné de socio leva aparelladas una serie de vantaxes a modo de descontos no comercio de Cee e Corcubión.
4. Debido á imposibilidade de continuar no seu cargo, Raquel Blanco García vai deixar o seu posto no Consello Escolar a Chus López Haz.

Sen máis, reiteramos a nosa vontade de seguir á vosa disposición adaptándonos á realidade á que nos obriga a COVID-19.

Recíbide una cordial aperta

anpa Alén